# TARAFAS DO 11 AO 15 DE MAIO

## > ACTIVIDADES DE LECTOESCRITURA

### . EXERCICIO 1

- Visualizar o vídeo: "APRENDE LA LETRA F CON LA FLOR FIONA – EL ABECEDARIO", no seguinte enlace: https://youtu.be/fRW4rgaLZdE
- Repasar a letra F co dedo.



- Localizar e rodear todas as letras “F” que atope (ficha páxina 5, no caso de non poder imprimir, realizar unha copia da ficha forma manual nun folio).
- Realizar a letra “F” con macarróns, como se pode na imaxe coa letra A.



. **<u>EXERCICIO 2</u>**

- Visualizar o vídeo: “Las sílabas FA FE FI FO FU – LEO CON LEO – Educación para Niños”, no seguinte enlace: https://youtu.be/EyIXBE7zyAk
- Realizar a ficha da páxina 6 (no caso de non poder imprimir facer unha copia de forma manual nun folio): repasar a letra F co dedo, repasar as letras “F” con lápis e posteriormente con rotuladores de cores. Poñer o nome por detrás.
- Ler: SA SE SI SO SU.
  MA ME MI MO MU.
  PA PE PI PO PU.
  (Escribirllo nun folio)

Ler: PUPA, SOPA (escribirllo nun folio). Debuxar o lido.

> **ACTIVIDADE PLÁSTICA**

Na primavera, podemos atoparnos e ver moitos animais, entre eles, bolboretas.

- Visualización do conto: A viaxe das bolboretas, no seguinte enlace: https://youtu.be/ByEvTnIWcms
- Realización da seguinte manualidade:



Pintar un rollo de papel hixiénico cun rotulador da cor que queiran ou con pincel e témpera. Cando esté seco, poderán debuxarlle os ollos e a boca.

Debuxar ao neno/a nunha cartolina, ou no seu defecto nun folio, a silueta dunha bolboreta, coas súas ás e antenas (tendo en conta que o corpo da bolboreta será o rollo de papel hixiénico) e recortar a mesma. Entregarlla ao neno/a para que decore as ás e as antenas: pode ser con gomets, pintando círculos de cores con rotuladores, ou facendo os debuxos que máis lles gusten.

Unha vez decoradas as ás e antenas, pegar as mesmas ao rollo de papel hixiénico e listo! xa tedes unha simpática bolboreta de cores.

## EDUCACIÓN EMOCIONAL (só o grupo A)

- Visualizar o conto: Orellas de bolboreta, no seguinte enlace: https://youtu.be/2opgu5d7Xe8
- Reflexionar acerca do rexeitamento que debemos mostrar ante calquera burla, e tamén sobre a reacción de Mara ante as burlas. Mara tivo que devolver burlas, pegar ou sentirse mal para conseguilo? Mara dalle voltas ás burlas e saca sempre algo positivo de todo o que lle din.
- Facer un debuxo do conto.

## SESIÓNS DAS TARDES (só o grupo A)

- Ver aqueles contos que queirades en: "Ñam Ñam: Combel Editorial", no enlace: https://www.combeleditorial.com/es/libro/nam-nam_978-84-9825-968-1
  Estos contos combinan música, lectura e ilustracións, e conseguen estimular a interacción, o desenvolvemento lingüístico, o ritmo e a musicalidade dos/as nenos/as.



# F

| | | | |
|---|---|---|---|
| T | R | S | F |
| E | F | P | |
| C | H | G | F |
| F | E | T | P |

F



F F F F

F F F F